



REGULAMENTO DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA. UNIVERSIDADE DE VIGO

1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. A presente normativa ten por obxecto regular a composición e competencias da Comisión de Calidade da Facultade de Historia da Universidade de Vigo.

2. A Comisión de Calidade, ou Comisión de Garantía Interna de Calidade, é un órgano colexiado do Centro no que se atopan representados os distintos grupos de interese e persoas implicadas na actividade docente das titulacións do mesmo, así como representantes da sociedade. Como tal, constitúe un elemento clave no desenvolvemento dos programas de calidade do Centro e un axente dinamizador da xestión de calidade no mesmo.

2. Competencias da Comisión de Calidade

1. Son funcións da Comisión de Calidade as seguintes:

a) Debater e validar a proposta da política e obxectivos de calidade así como o manual de calidade e os procedementos do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC).

b) Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade no Centro e titulacións adscritas, así como propoñer as melloras pertinentes.


c) Colaborar coa implantación, desenvolvemento e seguimento do SGIC.

d) Debater, propoñer e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, co fin de potenciar continuamente a calidade da docencia en todos os medios e procesos que nela inflúen, mediante unha colaboración constante cos departamentos e outros órganos colexiados que teñan responsabilidades neste ámbito.

e) Participar activamente en todos aqueles procesos académicos relativos á oferta formativa do Centro (novas titulacións, modificación e/ou suspensión ou extinción das existentes).

f) Intercambiar, debater e propoñer a participación do Centro en plans institucionais, nacionais e internacionais en materia de calidade.

3. Composición da Comisión de Calidade



1. A Comisión de Calidade da Facultade de Historia da Universidade de Vigo estará composta, cando menos, polos seguintes membros:

- a) Decano/a do Centro, que a preside.
- b) Coordinador/a de calidade.
- c) Colaborador/a de calidade, se o/a houber.
- d) Coordinador/a de cada unha das titulacións de grao do Centro, ou persoa en quen delegue.
- e) Coordinador/a de cada unha das titulacións de mestrado do Centro, ou persoa en quen delegue.
- f) Un/unha representante da dirección de departamento con sede no Centro.
- g) Enlace de igualdade.
- h) Coordinador do PAT/PIUNE ou persoa na que delegue.
- i) Cando menos un/unha representante do PDI.
- j) Unha persoa representante do PAS colaboradora nas tarefas de calidade se a houber.
- k) Un/unha representante do estudantado
- l) Un/unha representante do estudantado egresado.
- m) Administrador/a do Centro ou persoa na que delegue.
- n) Cando menos un/unha representante da sociedade.

2. A composición da Comisión de Calidade procurará o equilibrio entre mulleres e homes.

3. Poderán participar nas reunións da Comisión de Calidade outras persoas, particularmente persoal técnico de calidade, responsables dos procesos (segundo o establecido en cada procedemento) ou representantes de titulacións concretas, cando o seu asesoramento ou participación estímense oportunos e así se faga constar na convocatoria.

4. Réxime de sesións

1. A Comisión reunirse, polo menos, dúas veces ó ano no marco da revisión de resultados e sempre que sexa preciso de acordo coa axenda que elabora a Área de Calidade.

2. A Comisión será convocada polo presidente ou presidenta ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Neste caso, as persoas que o soliciten deberán indicar tamén o punto ou puntos que desexen tratar na sesión.

3. Para poder desenvolverse as sesións e acadar acordos, deben estar presentes, polo menos, un terzo dos seus membros.

5. Coordinador/a de Calidade

1. O nomeamento da persoa coordinadora de calidade correspóndelle ao/á responsable do Centro, co obxecto de impulsar a implantación, mantemento e mellora dos distintos

programas ligados á calidade no Centro e ás súas titulacións adscritas, así como axudar á difusión da cultura de calidade.

2. Son funcións do/a coordinador/a de calidade, entre outras, as seguintes:

- a. Dinamizar a política de calidade do Centro.
- b. Informar ao equipo directivo ou decanal sobre o desempeño do SGIC e de calquera necesidade de mellora.
- c. Promover a comunicación entre os distintos grupos de interese e o equipo directivo ou decanal en materia de calidade.
- d. Liderar a implantación, desenvolvemento e seguimento do SGIC.
- e. Coordinar a planificación e o desenvolvemento dos programas vinculados á calidade no Centro.
- f. Promover o coñecemento polas persoas implicadas das súas responsabilidades en materia de calidade cara aos distintos grupos de interese.
- g. Actuar como interlocutor directo entre a Área de Calidade e os grupos de interese do Centro, informando das cuestións institucionais que se acorden e implique ao seu Centro.

3. O Centro poderá contar cun/unha **colaborador/a de calidade** que asistirá ao/a coordinador/a de calidade no desenvolvemento das súas funcións.